

REUNIÓN DO 23 DE MAIO DE 2017

A 21ª reunión do Consello Económico do MMO tivo lugar o 23 de maio de 2017, coa participación de especialistas das distintas etapas da cadea de subministración de leite: CEJA (Agricultores mozos), COPA-COGECA (Produtores e cooperativas), ECVC (Vía Campesíña), EMB (Consello Europeo de Produtos Lácteos), EDA (Industria de produtos lácteos), Eucolait (Comercio de produtos lácteos) e Eurocommerce (Venda polo miúdo). As presentacións da Dirección Xeral de Agricultura e a información compartida durante a reunión mostraron o seguinte:


- A recollida de leite na UE diminuíu un 2,3% no primeiro trimestre de 2017(Xaneiro-marzo), é dicir, unhas 900 000 t (sen ter en conta a corrección de febreiro 2016). A caída de marzo foi particularmente forte en Alemaña, Francia, Reino Unido, Italia e Dinamarca, en termos de volume.
- Os prezos medios do leite ao produtor da UE chegaron a 33,1 c/ kg en marzo de 2017, en liña coa media dos últimos 5 anos, pero o 17% máis altos que en marzo de 2016. As estimacións para abril apuntan a un lixeiro decrecemento ata 33 c/ kg, en abril.
- Os prezos dos produtos lácteos da UE foron recuperándose, en xeral, nas últimas semanas. Acadáronse cifras récord para a manteiga (450 € / 100 kg). As diverxencias entre os prezos da proteína e da graxa son máis profundas, insinuando un cambio estrutural. Coas presentes taxas de cambio, os prezos dos produtos lácteos da UE son xeralmente máis competitivos que os de Oceanía, pero menos que os de EUA.
- Non houbo vendas da intervención pública ata agora en 2017, mentres que as compras retomáronse desde principios de abril. As cantidades permanecen, non obstante, limitadas (7.365 t a mediados de maio)
- A avaliación dos niveis de stock da UE en base a unha visión residual (produción + importacións - consumo - exportacións) mostra stocks normais de LDP, estando os excedentes de produción na intervención pública. As existencias de manteiga aumentaron lixeiramente pero permaneceron por baixo dos niveis normais tendo en conta que a demanda é sólida. Os stocks de queixo tamén aumentaron, pero permanecen en niveis normais grazas á demanda dinámica.
- A produción mundial de leite pechou o primeiro trimestre de 2017, cunha diminución do 1,25%, principalmente debido á UE onde a produción caeu por 10º mes consecutivo. Agárdase que Nova Zelandia e Australia rematen a súa

respectiva campaña con números negativos, pero a diminución está a baixar recentemente. Os EUA seguen a ser a gran excepción, con taxas de aumento mes tras mes.

- A demanda global parece ter boa saúde, así como o consumo interno. As exportacións da UE están comportándose particularmente ben. As importacións aumentaron na maioría dos destinos, en particular en China.
- En relación ás vendas polo miúdo da UE, o consumo de leite líquido segue a diminuír. A demanda de manteiga, queixo e outros produtos de valor engadido (Batidos de leite, sobremesas) mostra unha evolución máis positiva . Confírmase un aumento da competencia no Reino Unido por parte de produtos substitutivos baseados en vexetais.
- A próxima publicación da Comisión Europea sobre Perspectivas a Curto Prazo (prevista para xullo) está a ser traballada, integrando os máis recentes acontecementos. Pola banda positiva, tómase en consideración unha redución do 3,5% na produción de leite da UE no carto trimestre de 2016, seguido por unha redución do 2 % no primeiro trimestre 2017, unha menor recollida de leite en América do Sur, Nova Zelandia e Australia, un aumento da demanda na UE, en especial, para o queixo, manteiga e LEP, os prezos da manteiga altos e boas exportacións. No lado negativo, considérase un relevante rabaño leiteiro, un aumento anual proxectado do 0,6% das entregas de leite da UE, un aumento continuado da produción nos EUA, a recuperación esperada na recollida de leite en NZ e a existencia de stocks públicos de LDP. As condicións meteorolóxicas nas próximas semanas serán clave para a cantidade e calidade da forraxe, que desempeñan un papel importante na produción de leite.
- Tamén se discutiron feitos e números do sector do leite no Reino Unido, a súa elevada dependencia doutros Estados membros da UE para satisfacer as súas necesidades internas, o seu papel nas exportacións a mercados de terceiros países, o seu déficit en particular en manteiga e queixo así como os EE MM máis implicados no comercio de lácteos co Reino Unido (Irlanda, Francia, Países Baixos e Bélxica, estando implicados tanto do lado das importacións como das exportacións).
- En xeral, o mercado segue a estar caracterizado por unha diferenza de prezo sen precedentes entre a graxa e a proteína. A sensación no mercado é, con todo, positiva, dada a demanda dinámica en ambas partes, tanto na UE e en terceiros países.

A Coruña, 24 de maio de 2017

EU - Cows' milk collected



Source : Estat - Newcronos

Last update : Jan-Mar


23/05/2017



EU Milk Deliveries compared to last period (in %)

European

(Jan - Mar 2017 / Jan - Mar 2016)



Source : MS' Communications to Eurostat, FEQA, AGEA, Reg.479/2010.1(a)1


23/05/2017

Evolution of Raw milk deliveries

Mar 17 compared to Mar 16

Rank	evolution in %		evolution in 1000 Tons	
	MS	%	MS	Tons
1.	CY	+15,8%	PL	+50
2.	RO	+5,9%	IE	+24
3.	PL	+5,2%	NL	+9
4.	IE	+3,9%	ES	+7
5.	BG	+3,2%	RO	+5
6.	AT	+1,2%	BE	+4
7.	BE	+1,1%	AT	+3
8.	ES	+1,1%	CY	+3
9.	LU	+0,9%	BG	+2
10.	NL	+0,7%	HU	+1
11.	SI	+0,6%	PT	+0
12.	HU	+0,5%	SI	+0
13.	LV	+0,5%	LV	+0
14.	EL	+0,4%	LU	+0
15.	EE	+0,3%	EL	+0
16.	PT	+0,3%	EE	+0
17.	CZ	-1,0%	MT	-0
18.	LT	-1,0%	LT	-1
19.	FR	-1,2%	SK	-1
20.	UK	-1,5%	HR	-2
21.	SK	-1,6%	CZ	-3
22.	IT	-1,8%	FI	-4
23.	FI	-1,9%	SE	-6
24.	SE	-2,2%	DK	-18
25.	DE	-2,3%	IT	-19
26.	MT	-3,3%	UK	-20
27.	HR	-3,5%	FR	-28
28.	DK	-3,9%	DE	-66
	EU28	-0,4%	EU28	-60

EU Raw Milk Prices Evolution (up to April 2017*)



23/05/2017

Source : MS' communications under reg. 562/2005 & 479/2010



Latest World Quotations of Dairy Products

In US\$/t	Latest Quotations			Week - 2						Year - 1					
	14/05/2017			30/04/2017			% change (previous quotation)			May 2016			% change (1 year)		
	EU	Oceania	USA	EU	Oceania	USA	EU	Oceania	USA	EU	Oceania	USA	EU	Oceania	USA
Butter	4 815	5 025	4 791	4 611	5 125	4 645	↑ +4.4%	↓ -2.0%	↑ +3.1%	2 853	2 575	4 514	↑ +69%	↑ +95%	↑ +6%
SMP	1 959	2 000	1 892	1 876	2 025	1 894	↑ +4.4%	↓ -1.2%	→ -0.1%	1 857	1 713	1 777	↑ +5%	↑ +17%	↑ +6%
WMP	3 070	3 200	3 009	2 934	3 075	3 230	↑ +4.6%	↑ +4.1%	↓ -6.8%	2 223	2 025	2 624	↑ +38%	↑ +58%	↑ +15%
Cheddar	3 642	3 600	3 556	3 524	3 475	3 373	↑ +3.4%	↑ +3.6%	↑ +5.4%	2 880	2 563	2 820	↑ +26%	↑ +40%	↑ +26%